



# PROXECTO LECTOR



CEIP SANTIAGO DE OLIVEIRA.  
PONTEAREAS



## PROXECTO LECTOR

### ÍNDICE

- 1. Situación da lectura e da escritura.**
- 2. Obxectivos, fundamentos e organización.**
  - ❖ **2.1 Obxectivos**
  - ❖ **2.2 Metodoloxía**
  - ❖ **2.3 Recursos**
  - ❖ **2.4 Organización: organigrama e organización de espazos e tempos.**
- 3. Actuación previstas**
- 4. Avaliación**
  - ❖ **4.1 Criterios**
  - ❖ **4.2 Procedementos**

## 1. SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA

Para contextualizar un pouco a situación pasámoslle ás familias unha enquisa anónima sobre hábitos lectores na familia.

As **conclusións** que tiramos dos datos foron as seguintes:

- Os resultados pareceronnos positivos.
- De media lectora habitual entre 2-4 persoas por familia. A maioría en libros, en 2º lugar prensa e en 3º revista (a distancia).
- A maioría compra os libros que le, a moita distancia intercambio ou préstamo (pero moita diferenza).
- Chamounos a atención que moitas poucas familias son usuarias de biblioteca.
- E tamén nos chamou a atención que os lectores que prefiren o castelán supera ó do galego (proporción 60-40%) e tamén é elevado o número de familias que lles resulta indiferente o idioma.
- O formato utilizado: predomina o libro pero tamén hai un índice elevado de lectura na tablet, e apenas en e-book.
- Segundo a enquisa en case todos os días (ou cando se pode)
- Con respecto ás recomendacións de lectura soenvir das familias ou das mestras. E nos cursos máis elevados eles mesmos.

## 2. OBXECTIVOS, FUNDAMENTOS E ORGANIZACIÓN

### 2.1 OBXECTIVOS

O obxectivo principal do proxecto resúmese en: **potenciar o hábito e o gusto pola lectura ademais de contribuir a mellorar a práctica da lectoescritura nos diferentes niveis do centro.**

Máis polo miúdo, dividimos os obxectivos propostos para o Proxecto Lector en 3 ámbitos:

1. Obxectivos a nivel de centro. (C)
2. Obxectivos a nivel de biblioteca.(B)
3. Obxectivos centrados no proceso de ensinanzaaprendizaxe.(A)

#### 1.Obxectivos propostos a nivel de centro:

- Implicar a todo o profesorado no proxecto, para favorecer deste modo unhaaxeitada implementación do mesmo.
- Informar ás familias da necesidade da lectura e facelas partícipes do Proxecto Lector.
- Manter na biblioteca unha oferta axeitada de fondos actualizados atendendoaos intereses do alumnado e aos criterios do profesorado.

#### 2.Obxectivos propostos a nivel de biblioteca:

- Informar a toda a comunidade educativa sobre as actividades da biblioteca e os fondos bibliográficos.
- Considerar a biblioteca coma un espazo central para toda a comunidade educativa.
- Facilitar o uso da biblioteca escolar elaborando horarios, normas sobre o seu uso, servizo de préstamos, etc.

- Centralizar os recursos na biblioteca, organizados e asequibles, e a partir dela formar as bibliotecas de aula.
- Facer da biblioteca un espazo de uso habitual na actividade docente.
- Organizar dende a biblioteca actividades de difusión cultural, de fomento da lectura e de formación de usuarios.

### 3. Obxectivos centrados no proceso de ensinanzaaprendizaxe:

- Incluir na programación de todos os niveis e materias actividades prácticas que favorezan a competencia lingüística.
- Proponer actividades onde se favoreza a adquisición das competencias clave.
- Acadar a normalización da TICs coma unha ferramenta máis de traballo.

## 2.2 METODOLOXÍA

Fundamentamos o traballo nos mesmos criterios que impregnan a labor docente que desenvolvemos no centro:

- Actividades adaptadas ás necesidades, intereses e características da comunidade educativa.
- Enfoque funcional e operativo.
- Reflexión e traballo conxunto e coordinado por todos os membros.
- Flexibilidade na dinámica do traballo.
- Apertura á participación de toda a Comunidade Educativa.
- Significatividade das actividades e das aprendizaxes.
- Motivación e participación activa do alumnado.
- Incorporación de novos recursos, soportes e contextos.

## 2.3 RECURSOS

Como **recursos humanos** podemos mencionar que o equipo está formado por unha mestra responsable definitiva no centro e catromestras que a acompañan no equipo. Destas, dúas tamén son definitivas no centro e as outras son provisionais. A mestra responsable conta con tres horas de dedicación e o resto do equipo cunha hora cada unha. As funcións da responsable da dinamización da biblioteca son as seguintes:

1. Elaborar, en colaboración co profesorado de apoio, o proxecto anual de biblioteca escolar e a memoria final.
2. Coordinar, seguindo as directrices da consellería, a elaboración e posta en práctica do proxecto lector de centro, coa participación de todo o profesorado.
3. Realizar o tratamento técnico dos fondos (seleccionar, organizar, clasificar e catalogar).
4. Informar o claustro das actividades da biblioteca e integrar as súas suxestións.
5. Difundir os fondos existentes e as súas posibilidades de consulta entre toda a comunidade escolar.
6. Definir os criterios para o préstamo e atender o servizo xunto co equipo de apoio.
7. Asesorar ao profesorado en técnicas de animación á lectura, estratexias de dinamización, formación de usuarios e traballo documental, seleccionando e elaborando materiais, xunto co resto do profesorado, para a formación do alumnado nestes aspectos.
8. Coordinar o equipo de apoio á biblioteca escolar.
9. Representar o equipo de biblioteca na Comisión de Coordinación Pedagóxica.

10. Aqueloutrasfuncións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria estableza na súa normativa específica sobre bibliotecas escolares. As funcións do equipo son as seguintes:

1. Apoiarao responsable da biblioteca na organización e dinamización da mesma
2. Recompilar informacións, materiais e recursos necesarios para o bofuncionamento do servizo para facilitarlosaos usuarios/as da biblioteca.
3. Cooperar no deseño, organización e posta en marcha das actividades.
4. establecer criterios para a adquisición e actualización dos fondos.
5. Recollerpropostas e suxestións do profesorado e o alumnado coa fin de mellorar as intervencións e colaborar no desenvolvemento da competencia lectora, o hábito lector e as habilidades de traballo intelectual.

O alumnado, principal axente que executa e recibe o acto lector e o traballo coa información e en torno a quenxiran a maioría das propostas.

- As familias, que teñen un papel importante na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores e que de forma progresiva se van incorporando e animando a colaborar nas actividades de lectura, Contacontos, Mochilas viaxeiras... ou simplemente acompañando aosfillos/as á biblioteca, ouagasallándoosun libro.
- Todo o profesorado colabora na elaboración e posta en marcha (de xeito coordinado) desteprojecto, incluíndonasprogramacións as actividades previstas segundo a temporalización acordada no Plan Anual de Lectura.
- O Equipo de Biblioteca é responsable de coordinar este proxecto e de facilitar os recursos necesarios para conseguir os obxectivos.

- ❑ O Equipo Directivo terá a responsabilidade de garantir a nivel organizativo e de material a posta en marcha do proxecto.
- ❑ As entidades culturais do entorno, coas que colaboraremos sempre que sexa posible no deseño e posta en marcha de actividades. Destacan a biblioteca municipal de Pontearreas e a biblioteca de Guillade.

Entre os **recursos materiais** están:


- ❑ A biblioteca escolar e os fondos que hainelaou empréstados nas bibliotecas de aula.
- ❑ A biblioteca municipal e outros centros cos que realizamos actividades conxuntas.
- ❑ Os ordenadores e a Web.
- ❑ As maletas viaxeiras ou exposicións prestadas por outras institucións.
- ❑ O blogue do colexio ([fragareis.blogspot.com.es](http://fragareis.blogspot.com.es))

## 2.4 ORGANIZACIÓN

O modelo organizativo estará baseado nas interrelacións entre os distintos equipos docentes con reunións periódicas e coordinadas pola xefatura de estudos.

### ORGANIGRAMA





As actuacións que se deriven das propostas dos equipos levaranse a cabo de maneira coordinada e realizando avaliación continua. Nas memorias finais de curso cada equipo fará referencia ao grao de consecución de obxectivos en relación ao Proxecto Lector e ao Plan Anual de Lectura.


### ESPAZOS E TEMPOS

Na biblioteca podemos distinguir os seguintes espazos:

- Zona de xestión: formada por un ordenador e impresora para realizar os traballos de xestión e catalogación.
- Zona de lectura informal: formada por unha alfombra e coxín para unha lectura cómoda e informal.
- Zona de traballo: formada por mesas e cadeiras onde se fan traballos de diferentes tipo e se usa tamén para traballar coas tablets ou portátiles.
- Zona de ordenadores: formada por un ordenador de mesa que é usado polo alumnado para a busca de información.

- Estantes con libros clasificados segundo a CDU e atendendo á idade do alumnado.

Pódese ver a distribución da biblioteca neste plano, aínda que está pendente de modificación:



Todos os fondos do centro serán xestionados desde a biblioteca escolar. Os fondos destinados ao alumnado estarán na biblioteca, podendo levar empréstados fondos (temporalmente) para as bibliotecas de aula.

Cada grupo clase terá asignada unha hora semanal na biblioteca para realizar actividades de fomento da lectura, formación de usuarios, educación documental, traballos de investigación...que o titor/a considere oportunas. Ademais, o profesorado poderá anotarse nos espazos en branco para utilizar a biblioteca coa súa clase nun horario semanal que se colocará na sala de profesores/as.

O equipo de biblioteca terá reservadas unhas sesións para o traballo de xestión e organización de fondos, preparación de actividades, formación de usuarios...

Un venres ao mes durante o recreo haberá contacontos dirixido ao alumnado de infantil.

Durante os recreos (agás luns e venres) e polas tardes a biblioteca estará atendida polo profesorado para empréstitos, consulta, lectura, uso dos postos de ordenador, estudio...

Todos os días, durante a HORA DE LER, as aulas adicarán un tempo de 20 minutos á lectura pracenteira (de 11:45 a 12:05). Neste tempo o alumnado poderá ler libros, revistas, xornais, etc.

As reunións do equipo de biblioteca teñen periodicidade mensual.

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	Sesións
*	*	*	*	*	1ª
					2ª
					3ª
PECHADO	1º e 2º	3º e 4º	5º e 6º	Último venres: conto para infantil	RECREO
<i>Hora de ler</i>	<i>Hora de ler</i>	<i>Hora de ler</i>	<i>Hora de ler</i>	<i>Hora de ler.</i>	
					4ª
					5ª

Nota (\*) As 9 horas de préstamo variarán cada ano segundo as necesidades das titoras.

### 3. ACTUACIÓNS PREVISTAS

Para manter a liña marcada nos obxectivos propostos, mantemos a mesma clasificación dentro das actuacións, así

Actuacións a nivel de centro.(C)

Actuacións a nivel de biblioteca.(B)

Actuacións centradas no proceso de ensinanzaaprendizaxe.(A)

Seguindo esta clasificación:

1. Actuacións a nivel de centro.(C)

- Realización da Hora de Ler en todos os niveis de infantil e primaria.
- Posibles visitas de escritores/as, ilustradores/as, contacontos, etc.
- Celebración do “Día do Libro”, “Semana da Prensa”, “Día da Poesía”, “Día das Letras Galegas”... con distintas actividades.
- Elaboración da revista escolar e participación na radio escolar como medios de difusión cultural, de comunicación e de aprendizaxe.
- Proxectosdocumentais integrados.

2. Actuacións a nivel de biblioteca.(B)

- Decoración da biblioteca e selección de libros de distintas temáticas para celebrar datas sinaladas
- Editar normas de uso, préstamos, horarios...
- Elaboración dun carné para cada alumno/a do centro.

3.Actuacións centradas no proceso de ensinanzaaprendizaxe.(A)

- Asistencia dos grupos á biblioteca dentro do desenvolvemento da práctica docente diaria.
- Actividade da Mochila Viaxeira como achegamento á lectura das familias.
- Incluir nasprogramacións de cada nivel as actividades de lectura e o tempo adicado a elas.

- Contacontos: nesta actividade o propio alumnado será o encargado de realizar a labor. Tamén participarán familias voluntarias.
- Realización de composicións escritas de diversos tipos.
- Propostas de proxectos documentais, de busca e tratamento da información: identificación de tema e ideas principais dun texto, elaboración de resumos, esquemas, uso de índices, dicionarios, etc.

#### **4. AVALIACIÓN**

A avaliación está recollida no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e na Orde do 23 de novembro de 2007, pola que se regula a avaliación na educación primaria na nosa comunidade.

A revisión deste mesmo documento farase dentro de 4 cursos académicos

Empregaranse os seguintes instrumentos de avaliación:

-Lista de cotexo (si/non)

-Escala de estimación (Categorías: Sempre, algunhas veces, nunca / consolidado, en proceso, iniciado)

-Uso de dianas de avaliación

-Recollida de datos salientables nun caderno.

-Autoavaliación e coavaliación.

Co fin de valorar o grao de consecución dos obxectivos, farase un rexistro por parte dos titores/as e o equipo de biblioteca das incidencias máis notables. A avaliación terá carácter continuo. De forma permanente anotaremos os datos durante a realización de calquera actividade. Ao terminar o curso farase a avaliación

final do proxecto, coa toma de decisións que correspondan para a modificación no vindeiro curso.

Os criterios a valorar serán os seguintes, e seguindo os tres campos nos que contextualizamos os obxectivos e as actuacións:

A= Actuacións centradas no proceso de ensinanzaaprendizaxe.

B= Actuacións a nivel da biblioteca.

C= Actuacións a nivel de centro.

ACADÁRONSE				SI	NON
CRITERIOS.	A	B	C		
Adecuación e calidade dos recursos existentes.	x	x	x		
Accesibilidade do sistema organizativo da biblioteca.		x	x		
Actitude do alumnado ante a “Hora de ler”.	x				
Actitude do alumnado e a súa familia ante a actividade das mochilas viaxeiras.	x				
Grao de cumprimento dos obxectivos relativos á comprensión lectora e uso de fontes de información, recollidosnasprogramacións.	x				
Valoración do nivel de autonomía do alumnado na biblioteca e os posibles problemas xurdidos.		x			
Valoración de cada unha das actividades realizadas ao longo do curso.	x	x	x		
Valoración do interese do alumnado polas actividades da biblioteca.	x	x			
Aportación de ideas, suxestións e colaboración co Equipo de Biblioteca no deseño e posta en práctica do Plan Anual de Lectura.			x		

Os procedementos utilizados serán:

- Enquisas ás familias, profesorado e alumnado.
- Observación directa no desenvolvemento das actividades e recollida de opinións de toda a comunidade educativa. ( Mediante diversas técnicas)
- Probas periódicas de comprensión lectora nos distintos niveis e rexistro dos avances e dificultades atopadas.

### **Quen avalía**

- Autoavaliación entre o profesorado do centro, verificando a consecución dos obxectivos propostos e as posibles melloras.
- Claustro, analizando os logros acadados e a repercusión que o Plan poida ter na posta en marcha da biblioteca escolar.

### **Cando se avalía**

- Partirase dunha **avaliación inicial** pero, fundamentalmente será **continua**, facendounha análise cada trimestre, informando ó claustro e ó consello escolar. A final de curso, haberá unha **avaliación final**, para analizar os logros acadados e plantexar propostas de mellora, que se incluírán na memoria. Valorarase tamén a repercusión do Plan na vida do centro.
- A avaliación externa será levada a cabo por parte da administración educativa.

### **Como se avalía: instrumentos e procedementos de avaliación**

- Levaranse a cabo reunións mensuais do equipo da biblioteca para facer unha posta en común do camiño a seguir, facendo un rexistro das actividades realizadas a través de enquisas de satisfacción de usuarios e cuestionarios.
- Tamén se empregarán rúbricas e indicadores de logro para avaliar puntos como: préstamos, consultas na biblioteca, participación nas actividades desenvolvidas...

### **Que se avalía: Criterios de avaliación**

A nivel xeralavalíarase: horario do equipo de biblioteca (idoneidade), espazo (adequación, funcionalidade), funcionamento do proxecto (continuación e modificacións), organización e funcionamento do equipo de biblioteca, grao de uso da biblioteca como centro de recursos, actividades realizadas e material empregado, avance do alumnado con respecto ás competencias clave, uso da biblioteca pola comunidade educativa.

Os criterios de avaliación específicos centraranse nos seguintes aspectos:

### Os fondos:

- Ampliación de fondos e fixación de normas para o seu uso correcto.
- Rexistro e catalogación dos fondos a través do MEIGA.
- Integración das TICS na busca e selección de información.

### Comunidades educativa:

- Apertura da biblioteca a toda a comunidade educativa.
- Colaboración coas familias, institucións e coa biblioteca do concello en algún programa conxunto.
- Formación do profesorado do centro en técnicas de búsqueda de información.

### Alumnado:

- Incremento dos hábitos lectores do alumnado.
- Formación do alumnado en técnicas de búsqueda de información.
- Apoio ó alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (ACNEAE) con diferentes recursos e materiais.

### Dinamización da biblioteca:

- Mostra das actividades propostas polo equipo de biblioteca a través de diferentes canles (blogue, radio, exposicións polos corredores e na propia biblioteca).
- Elaboración de guías de suxestións.